

Exposición
YOU ARE NOT ALONE

21 outubro 2011 – 22 xaneiro 2012

“ARTE & VIDA”

Un programa educativo para escolares

Nivel: educación infantil

De 3 a 6 anos

Grazas por ter seleccionado o MARCO para esta visita escolar. Este avance é unha introdución á actividade (visita/obradoiro) deseñada polo departamento educativo para a exposición titulada:

YOU ARE NOT ALONE

Durante a actividade abordamos conceptos como o que significa o MARCO, cál é a súa función, e como ver e gozar a arte contemporánea. Introducimos os temas de forma gradual, lúdica e didáctica de forma que a aprendizaxe se realiza nun ambiente estimulante e divertido.

A **visita/taller** de **Infantil** ten unha duración aproximada de **1 hora e 15 minutos**. Para o seu mellor aproveitamento, o persoal educador organiza os participantes de cada centro en grupos de **25 alumnos**. É necesario que os adultos que acompañan ao grupo permanezan con eles en todo momento. Non está permitido comer e beber no museo, exceptuando a zona de cafetería. Se o grupo ten algunha necesidade especial, ou prefires adaptar a visita na súa duración ou contidos, non dubides en comunicalo con antelación ao noso departamento educativo.

Seleccionamos algunhas obras e preparado un percorrido pola exposición para desenvolver unha **visita/taller** deseñadas especialmente para o desfrute e aprendizaxe dos máis pequenos. As diferentes paradas na visita introducen xogos e situacións que tratan de interactuar coa arte contemporánea, de descubrir cousas novas a través da observación, do diálogo, da experimentación.

As actividades de educación **infantil** intentan converter a experiencia no museo en algo especial, que os achegue á arte de forma afectiva, procurando integralas ao mesmo tempo no currículo escolar. Persoas, obxectos, situacións e lugares vanse presentando durante a visita, invitándonos a gozar da grande aventura da arte e da vida. A partir de diferentes técnicas e materiais os artistas dan vida ás súas obras, que nos trasladan ao seu particular universo creativo.

A visita finaliza no **Laboratorio das Artes**, o noso espazo de didáctica na primeira planta, onde presentamos a última proposta. Aquí, os pequenos creadores enfróntanse a un reto: recompoñer unha das obras descubertas durante o percorrido.

Posibilidades didácticas